

**Normativa de actuación da comisión de avaliación de méritos docentes
(Aprobada na Xunta de Goberno do 23 de maio de 2001 e modificado por acordo
do Consello de Goberno do 25 de outubro de 2006 e do 30 de xaneiro de 2019)**

Índice

Comisión de avaliación
Documentación
Requisitos
Criterios xerais de avaliación

Comisión de avaliación de méritos docentes

Sr. Vicerreitor de Profesorado
Sr. Vicerreitor de Asuntos Económicos
Sr. Secretario Xeral
Sr. Xerente

Documentación

- Solicitude en modelo oficial. As solicitudes deberán formularse perante o reitor da universidade.
- De non constar no seu expediente, deben acreditarse debidamente todas e cada unha das situacións administrativas en que se atopase.
- Informe do propio profesor relativo á súa práctica docente.
- Informe do Consello de Departamento.
- Informe da Xunta de Centro.

Requisitos

Presentar a solicitude de avaliación de méritos docentes que é voluntaria: "o profesorado universitario poderá someter a actividade docente realizada cada cinco anos en réxime de dedicación a tempo completo ou período equivalente se prestou servizo en réxime de dedicación a tempo parcial, a unha avaliación ante a universidade en que preste os seus servizos."

Ser funcionario de carreira, en activo, na universidade, ou contar cun contrato (indefinido ou temporal) ou nomeamento en vigor o 31 de decembro do ano da petición nas seguintes categorías:

- a) Profesorado contratado doutor
- b) Profesorado axudante doutor
- c) Profesorado colaborador
- d) Profesorado contratado interino de substitución
- e) Profesorado interino dos corpos docentes universitarios

Estar en réxime de dedicación a tempo completo o 31 de decembro do ano da petición.

Que o 31 de decembro do ano da petición teña prestado, como mínimo, un total de cinco anos de servizos docentes.

Criterios xerais de avaliación

1. As avaliacións faranse unha soa vez ao ano.

1.1. O prazo de presentación de solicitudes remata sempre o último día do ano.

1.2. A avaliación só poderá ser obxecto de dúas cualificacións, favorable ou non favorable.

Os períodos valorados negativamente non poderán ser obxecto posteriormente dunha nova solicitude de avaliación.

As resolucións deberán ser motivadas, especialmente as non favorables. Contra as resolucións poderá interpoñerse recuso de reposición perante o reitor da universidade. A comprobación dos datos alegados polos solicitantes, que afecten ao desempeño da súa actividade docente nas universidades españolas, corresponderá á universidade que efectúa a avaliación.

As Universidades poderán esixir os xustificantes que estimen oportunos.

1.3. Superada favorablemente a avaliación, o profesor adquirirá e consolidará por cada unha delas un compoñente por méritos docentes de acordo co nivel de complemento de destino (Nivel 29: catedráticos de universidade, nivel 27: titulares de universidade, catedráticos de escola universitaria e contratados doutores, nivel 26: titulares de escola universitaria, axudantes doures, colaboradores e contratados interinos de substitución).

1.4. Os efectos económicos da avaliación serán sempre do 1 de xaneiro seguinte aínda que a avaliación se fixese con posterioridade.

1.5. Os efectos económicos das solicitudes presentadas con posterioridade ao 31 de decembro do ano en que se cumpre o pertinente período a avaliar comezan a contar o 1 de xaneiro do ano seguinte ao da presentación delas, sen que a actividade docente que exceda deste período poida ser computada para efectos dos sucesivos períodos a avaliar.

2. Computaranse como dedicación a tempo completo os servizos prestados en:

2.1. Dedicación exclusiva.

2.2. Encargados de curso de niveis C e D.

3. Os servizos prestados en réxime de dedicación a tempo parcial serán valorados co coeficiente reductor de 0.5.

4. O calculo de períodos de cinco anos farase do seguinte xeito:

4.1. Os servizos prestados, ata o acceso a unha praza numeraria, considéranse como prestados no corpo en que se ingresou.

4.2. Cando se cambie de corpo ou praza antes de completar un novo período de cinco anos, o período sen avaliar considérase como prestado no novo corpo ou praza.

4.3. O profesor que cambie de corpo ou pase a ocupar outra praza do mesmo corpo conservará no novo corpo ou praza o compoñente por méritos docentes que tivese adquirido no anterior corpo ou praza, a que se lle acumulará o que puiden obter en sucesivas avaliacións (art. 2,3,c)

4.4. Considéranse válidos para este cálculo os anos transcorridos en:

4.4.1. Corpos docentes universitarios.

4.4.2. No CSIC ou outros organismos públicos de investigación.

4.4.3. En universidades ou centros de investigación estranxeiros ou privados.

4.4.4. Os servizos prestados en ensinanzas que foron integradas na universidade como ensinanzas oficiais serán consideradas, para efectos da presente Orde, como servizos prestados na universidade (Orde do 3 de novembro de 1989).

4.4.5. O tempo que acredite o Ministerio de Educación prestado na realización de programas ou accións do dito departamento ou homologadas ás concedidas por este, para a formación do profesorado e do persoal investigador en España e no estranxeiro

4.5. En ningún caso un mesmo período de tempo poderá ser sumado máis dunha vez.

4.6. Estudaranse todas as situacións que puideren presentarse, sempre que os servizos prestados o fosen coa condición de profesor universitario.

5. O complemento de méritos docentes non poderá exceder do resultado de superar favorablemente seis avaliacións.

6. Resolucións. A resolución indicará o período de actividade docente avaliado, as cualificacións obtidas e a data en que se inicia o cómputo temporal para a seguinte avaliación.

Disposición transitoria

Para as avaliacións correspondentes ao ano 2018, deberá realizarse una convocatoria extraordinaria ao inicio do ano 2019 co fin de posibilitar a avaliación do profesorado das categorías incorporadas a esta norma polo acordo do Consello de Goberno do 30/01/2019